

EXTRACTO DA CONVOCATORIA

Extracto da Resolución de Alcaldía de data 11 de xaneiro de 2018 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web municipal (www.concellodevedra.com)

1.- Beneficiarios.

Poderán solicitar esta subvención as entidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vedra á data de presentación da solicitude, que teñan a súa sede social no termo municipal de Vedra e que posúan a capacidade para levar a cabo as actividades obxecto de subvención.

Tamén é requisito para ser beneficiario desta convocatoria non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia

2.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria pública de subvencións terá como finalidade apoiar, colaborar e impulsar o desenvolvemento de proxectos e actividades levadas a cabo polas entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vedra, co obxectivo de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza no tecido asociativo como xerador de sinerxías que contribúan á mellora da calidade de vida.

3.- Bases reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións foron aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2017 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 5/2018 , de data 08 de xaneiro.

4.- Contía da axuda.

A contía da presente convocatoria ascende a 12.000 euros, con cargo á partida correspondente ao Orzamento do ano que corre para as actividades culturais.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os **2.000 euros**.

5.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a contar dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo a LXS (artigos 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).